Plan Parcial 3: Imposto de Actividades Económicas.

Plan Parcial 4: Taxas.

Outras áreas: ademais das áreas anteriores os Servicios de Inspección poderán incluir outras áreas de actuación baseadas nos criterios de risco fiscal, oportunidade, etc, en base ás actuacións de investigación e comprobación que se leven a cabo.

A presente resolución en vigor e surtirá efecto sa partir do día seguinte o da súa publicación no BOP.

Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, poderá presentarse recurso de reposición ante o mesmo órgano a dictou, no plazo dun mes.

A interposición do recurso non suspenderá a execución do acto impugnado, coas consecuencias legais conseguintes, incluso a recadación de cotas ou dereitos liquidados, intereses e recargos segundo o artígo 14.2 i) del R.D Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Poderase interponer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contado dende o seguinte a aquel no que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición, ou no plazo de seis meses dende que este deba entenderse desestimado por silencio administrativo.

Bueu, a 03 de novembro de 2010.—O Alcalde, Félix Juncal Novas. **2010012346**

* * *

COTOBADE

A N U N C I O

Advertido un erro na convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no Concello de Cotobade (Pontevedra) incluída na Oferta de emprego público do 2010 e publicada no "Boletín Oficial de Pontevedra" número 212 do 04/11/2010, transcríbese a continuación a oportuna rectificación:

Na páxina 64, na Base específica carta, onde di "no anexo II" debe dicir "na base quinta".

O que se fai público para xeral coñecemento.

Cotobade, 8 de novembro do 2010.—O alcalde, Manoel Loureiro Adan. **2010012128**

* * *

O GROVE

A N U N C I O :

O Pleno do Concello do Grove en sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2010 adoptou entre outros o seguinte acordo:

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA ORNENANZA DE TRÁFICO DO CONCELLO DO GROVE.

PRIMEIRO.—Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal de Tráfico do Concello do Grove.

SEGUNDO.—Someter dita Ordenanza Municipal a Información Pública e audiencia ós interesados, coa publicación do anuncio no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de Acordo expreso do Pleno.

TERCEIRO.—Facultar ó Sr. Alcalde- Presidente para suscribir e firmar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

O Grove, 27 de outubro de 2010.—O Alcalde, Jose Antonio Cacabelos Rico. **2010012130**